

Bases Desafío Poético

EU TAMÉN MIRO DE FRONTE á violencia de xénero

O Desafío Poético é unha actividade enmarcada na campaña "DE FRONTE á violencia de xénero", desenvolvida pola Área de Igualdade da Sección de Servizos Sociais da Deputación da Coruña. Esta iniciativa busca facer da rima e das redes unha reivindicación contra a violencia machista empregando a fórmula do concurso como motivación para a participación e difusión. Desenvólvese nas redes Facebook e Twitter, entre o 2 de novembro e as 14 horas do 26 de novembro de 2020, e apela á colaboración de cantas persoas desexen apoiar este obxectivo para alcanzar a máxima difusión posible.

O Desafío Poético consiste en compartir nas redes da Deputación da Coruña poemas (recitados, cantados, escritos...) ou lecturas de poemas cuxa temática sexa a violencia machista. Os poemas presentados ao concurso irán acompañados de dous cancelos:

1. **#DeFronte**, de forma a identificar a publicación como parte do certame,
2. E a correspondente etiqueta que os encadre nunha das categorías posibles:
 - Infantil (de 3 a 12 anos): **#DesafioInfantil**
 - Xuvenil (de 13 a 19 anos): **#DesafioXuvenil**
 - Persoas adultas (de 20 anos en diante): **#DesafioAdultas**

Requisitos

Poden participar todas as persoas maiores de idade, residentes no Estado español, que sexan seguidoras da páxina:

<https://www.facebook.com/Depucoruna> ou da conta de Twitter:
<https://twitter.com/Depucoruna>

As persoas menores de idade poden participar a través das persoas que exercen a titoría legal ou de entidades ou institucións en que participen.

Procedemento para participar

1. Sigue as nosas contas en [Facebook](#) ou [Twitter](#).
2. Busca ou escribe un poema cuxa temática sexa a violencia machista.
3. Fai unha publicación nas redes Facebook ou Twitter (no formato que prefiras: vídeo, audio ou fotografía/imaxe dun texto), onde leas, recites, cantes ou mostres o texto poético que escolliches ou escribiches. Debes engadir na túa publicación o cancelo #DeFronte e a categoría que corresponda á túa idade: #DesafioInfantil, #DesafioXuvenil, #DesafioAdultas.

É condición indispensable que as túas publicacións se suban á rede como PÚBLICAS a partir do 2 de novembro e até as 14 horas do 26 de novembro de 2020. Deste xeito serán visibles para todo o mundo e só así poderán ser recollidas pertinentemente polas persoas que administran o concurso.

A organización poderá non ter en conta as publicacións consideradas ofensivas.

Premios

Repartiranse tres premios, un por cada categoría, que consistirá nun bono de 60 euros para gastar nunha librería da provincia da Coruña.

As persoas ou entidades gañadoras serán aquelas que reciban máis “gústame” na publicación en cada categoría ás 14 horas do último día de participación, o 26 de novembro de 2020.

En caso de facer a mesma publicación en ambas as redes, non se sumarán os votos e só se terá en conta aquela rede en que reciba máis votos. As persoas participantes poderán facelo con cantos poemas queiran, aínda que cada poema será valorado de forma individual, e poderán empregar o formato que mellor se adapte ás súas composicións (escrito, audio ou vídeo).

Comunicación do resultado do concurso

O resultado do concurso seralle comunicado ás persoas gañadoras por mensaxe directa de Facebook ou Twitter a partir do día 26/11/2020. Tamén se lles facilitarán as indicacións precisas para o uso do bono de 60€.

As persoas premiadas deberán responder confirmando que aceptan o premio nun prazo de 4 días naturais a contar desde o día seguinte ao da comunicación. En caso de que algunha das persoas gañadoras non conteste no prazo indicado para aceptar o bono, non cumpra algunha das normas deste concurso ou non

queira ou non poida aceptar o bono, ficará descartada. A organización, se o considera oportuno, poderá outorgar o premio á seguinte persoa con máis "gústame" da correspondente categoría. Unha vez que as persoas gañadoras comuniquen que aceptan o premio, farase público o resultado dos premios do Desafío Poético.

Autorización para divulgar

A participación no Desafío Poético, a través das publicacións cos cancelos indicados, implica a autorización para converter as publicacións en material susceptible de dinamización da campaña "DE FRONTE á violencia de xénero".

Prazo

O concurso #DesafíoDeFronte só terá validez no territorio do Estado español entre o 02/11/2020 e as 14 horas do 26/11/2020, ambas as datas incluídas.

Outras normas

A organización resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta sospeitosa de fraude, incumprimento das normas ou en prexuízo doutras persoas, incluída a exclusión e perda de dereito ao premio que eventualmente obtivera. Así mesmo, tamén se reserva o dereito a excluír do concurso calquera publicación que conteña elementos non adecuados ou que sexa contraria aos obxectivos da campaña.

A organización non é responsable das interrupcións ou erros en Internet, na rede por cable, nas redes de comunicacións electrónicas, erros de software ou hardware nin polos posibles erros na introdución ou procesamento de respostas, entregas ou datos persoais. No caso de se produciren problemas ou incidencias deste tipo, fará todo o que estea na súa man para corrixilos o antes posible, mais sen asumir ningunha responsabilidade ao respecto.

A organización exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos contidos por parte das persoas usuarias e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas que poidan deberse á suplantación de personalidade que puidesen realizar as persoas participantes.

A participación neste concurso implica aceptar o criterio interpretativo da organización á hora de resolver calquera cuestión derivada do concurso.